

Os socialistas vilalbeses piden ao concello que tome medidas “dunha vez por todas” co peche e limpeza dos solares urbanos

Denuncian o notable deterioro dunha das rúas máis senlleiras da vila, a rúa dos Pepes, na que a contiosa maleza constitúe “un punto de alerta de seguridade sanitaria”

Alertan da existencia de pivotes metálicos na Praza da Constitución que suponen un forte risco para a integridade dos viandantes

VILALBA, 30 DE DECEMBRO DE 2014.- Os socialistas de Vilalba piden ao concello que tome medidas “dunha vez por todas” con peche e limpeza de solares urbanos, pois o estado dunha das rúas máis senlleiras, en pleno centro da localidade, a rúa dos Pepes, demostra “o nulo interés do Goberno municipal polo mantemento do vila”.

E é que dende hai tempo, destacan, se pode ver como a maleza invade un solar nesta zona sen peche perimetral. Ante esta situación, sinalan, que “non só non é agradable ver o estado de deterioro, senón que xa constitúe en sí mesmo un punto de alerta de seguridade sanitaria”. Por este motivo, instan ao rexedor a facer cumprir as ordenanzas e lémbrenlle que é posible, con cargo ás arcas municipais, subsanar tales deficiencias e executar logo o cobro do custo aos propietarios.

Pivotes que son un perigo

Noutra orde de cousas, os socialistas tamén denuncian a existencia de pivotes metálicos que sobresaen do chan, anclados na superficie da Praza da Constitución; pivotes que, segundo indican, son “un perigo en si mesmo, tanto por causar tropezos aos peóns, como polo risco que entrañan se alguén cae sobre deles”. Neste senso, consideran que esta situación se debe de correxirse de inmediato, xa que este é un lugar moi empregado nestas datas polos nenos e nenas para os xogos e tamén será o punto de chegada dos Reis Magos na cabalgata do vindeiro día 5.